

CRITERIOS PARA A DEFINIÇÃO DE PROXECTOS DE PESCA NO MARCO DA PRIORIDADE 3 DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO DA PESCA E DA ACUICULTURA (FEMPA) 2021-2027

Antecedentes

A orde do 10 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do ano 2022 para a selección de estratexias de desenvolvemento local participativo e grupos de acción local do sector pesqueiro, así como para a concesión da axuda preparatoria, no período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 en Galicia (código de procedemento PE210B), establece no artigo, establece no artigo 5 que mediante a prioridade 3 do FEMPA apoiaranse as intervencións que contribúan ao obxectivo de permitir unha economía azul sustentable nas zonas costeiras, e a fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas, de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento (UE) 2021/1139. Este obxectivo acadarase mediante o desenvolvemento local participativo (DLP).

Ademais, as estratexias deberán garantir que as comunidades situadas en zonas dedicadas á pesca ou á acuicultura marítima aproveiten mellor as oportunidades que ofrece a economía azul sustentable e se beneficien delas en maior medida, capitalizando e reforzando os recursos ambientais, culturais, sociais e humanos, conforme o disposto no artigo 30.2 do Regulamento (UE) 2021/1139.

As estratexias terán un enfoque importante dirixido ao desenvolvemento do sector pesqueiro, que se traducirá en que un mínimo dun 50 % do orzamento do plan financeiro estará destinado a apoiar este sector, ben que poden ser máis amplas e dirixirse á diversificación das comunidades locais.

As estratexias apoiarán a pesca costeira artesanal, en particular en accións colectivas.

Obxectivo

Coa finalidade de facilitar a implementación das EDLP, este informe pretende establecer os criterios que poderían aplicarse para a definición obxectiva e operacional dos proxectos que apoian o desenvolvemento do sector pesqueiro, así como os medios de verificación para a súa aplicación práctica.

Enfoque

En base á experiencia do FEMP e aos requisitos da Consellería do Mar, establecéronse os seguintes obxectivos para a selección de criterios:

- a) Empregar unha concepción ampla da cadea de valor dos produtos da pesca e da acuicultura.

- b) Basear os criterios en elementos obxectivos e medibles, limitando a interpretación subxectiva e a disparidade de criterios.
- c) Identificar criterios para que non dificulten a presentación de propostas, a implementación do proxecto nin o seu seguimento con verificacións complexas.
- d) Evitar unha definición ampla na que puideran ter cabida proxectos que por súa natureza teñan unha vinculación indirecta coa pesca, ou poidan alegar formalmente esa relación sen que exista na práctica.
- e) Validar as implicacións do criterio sobre a Base de Datos de proxectos do FEMP 2016-2021.
- f) Empregar definicións claras e recollidas na normativa comunitaria e autonómica. A estes efectos, neste informe inclúense todas as definicións pertinentes e a referencia normativa.

A definición dun proxecto de pesca non está ligado exclusivamente ao perfil do seu promotor/a, senón que ben definido pola súa natureza e impacto. Deste xeito se da cabida a que persoas externas á pesca poidan empregar o fondo para incorporarse á mesma, facilitando a continuidade da actividade e o relevo xeracional. Compre sinalar que durante o período de programación do FEMP foron poucos os proxectos de pesca promovidos por persoas ou empresas alleas ao sector pesqueiro.

Criterios para definir un proxecto de pesca

No marco dos GALP e da prioridade 3 do FEMPA, un proxecto que apoia o desenvolvemento do sector pesqueiro (en diante, proxecto de pesca) é aquel que cumpre polo menos un dos seguintes criterios:

- 1) Provee produtos e/ou servizos para exercer a captura/produción, procesado, transformación e/ou comercialización dos produtos pesqueiros.
- 2) Proporciona apoio técnico para a xestión dos recursos e/ou do medio mariño.
- 3) Capacita a operadores en activo ou futuros operadores do sector pesqueiro, pescadores e redeiras mediante a formación, sempre e cando o contido abrangue calquera das actividades descritas no punto 1).
- 4) Promove o consumo dos produtos do mar locais das zonas pesqueiras, sempre que o beneficiario sexa unha entidade do sector pesqueiro ou unha entidade pública coa participación ou en colaboración cunha entidade do sector pesqueiro.
- 5) É promovido por un operador do sector, agás aqueles proxectos orientados á diversificación cara actividades económicas fora do sector pesqueiro¹.

¹ A pesca-turismo considerase como parte da actividade pesqueira e o turismo maiñeiro no marisqueo como parte da actividade marisqueira.

- 6) Beneficia de xeito directo ao conxunto do sector pesqueiro e da acuicultura da zona pesqueira (posta en valor do patrimonio cultural e ambiental pesqueiro, etc.).

Mecanismos de verificación

Criterio	Verificación
1) Provee produtos e/ou servizos para exercer a captura/produción, transformación e/ou comercialización dos produtos pesqueiros.	<p>Memoria dos proxectos Descrición de produto ou servizo. ¿Cales son os produtos os servizos ofertados?: Descrición concreta dos produtos/servizos e indique en que actividade se encadran</p> <p><input type="checkbox"/> captura/produción <input type="checkbox"/> transformación <input type="checkbox"/> comercialización</p>
2) Proporciona apoio técnico para a xestión dos recursos e do medio mariño.	<p>Memoria dos proxectos Sección x. Descrición do proxecto ou programa de actividades que se vai desenvolver. Actividades do proxecto.</p> <p>Indique se proporcionan apoio técnico para a xestión dos recursos e do medio mariño. Se a resposta é si, especifique que tipo de apoio: <input type="checkbox"/> tecnolóxico <input type="checkbox"/> procesos <input type="checkbox"/> organización</p>
3) Capacita a operadores en activo ou futuros operadores do sector pesqueiro, pescadores e redeiras mediante formación sempre e cando o contido abranca calquera das actividades descritas no punto 1).	<p>Memoria: programa provisional da formación O/a beneficiario/a facilitará o programa dos cursos ao longo do proceso de verificación</p>
4) Promove o consumo dos produtos do mar locais das zonas pesqueiras	<p>Memoria dos proxectos Para proxectos promovidos por entidades públicas, descrición da colaboración coa/s entidade/s do sector pesqueiro.</p>
5) O/a promotor/a é un operador do sector	<p>Memoria dos proxectos. Perfil do/a promotor/a</p>
6) Beneficia de xeito directo ao conxunto do sector	<p>Memoria dos proxectos 1.9 Beneficiarios do proxecto</p>